

# VOLUNTARIADO

*Axenda 2030*

*Axentes de cambio*

Data de inicio:  
26 de febreiro de 2024

Desenho: Área de Imaxe, Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Inscripcións:  
[secretaria.uvigo.gal/uv/web/voluntariado/public/proyecto/show/126?\\_locale=es](https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/voluntariado/public/proyecto/show/126?_locale=es)



# VOLUNTARIADO

## Axenda 2030 Axentes de cambio

Data de inicio:  
26 de febreiro de 2024



Universidade de Vigo

Vicerreitoría de Benestar,  
Equidade e Diversidade

## Axenda 2030 Axentes do cambio

As persoas voluntarias, logo de recibir unha formación, darán a coñecer a Axenda 2030 entre os estudantes da Universidade de Vigo a través dunha serie de actividades. Esta Axenda, aprobada pola Asemblea de Nacións Unidas en 2015, é un plan de acción global centrado no planeta e nas persoas que busca avanzar na prosperidade, na xustiza e na paz universal a través de implantación de 17 obxectivos, os denominados Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

## Obxectivos

Tarefas de sensibilización sobre a Axenda 2030 e os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible entre os estudantes da Universidade de Vigo.

## Data e duración

Actividades: 12 horas mensuais  
Data de inicio: 26 de febreiro de 2024

## Lugar de realización

Nos 3 campus universitarios e en liña. Buscarase un espazo de máxima afluencia de público para situar os stands informativos e as actividades serán organizadas naquelas facultades que contén cos medios necesarios.

## Perfil da persoa voluntaria

Este programa de voluntariado está destinado a estudiantado da Universidade de Vigo que:

- Mostre un compromiso claro e sincero co desenvolvemento sostible.
- Que teña interese en poñer en práctica as súas habilidades creativas e comunicativas.
- Que teña capacidade de traballo en equipo.
- Que queira coñecer a Axenda 2030 e os seus ODS. As persoas aceptadas que non teñan formación acreditada en materia de Axenda 2030 recibirana antes de comezar cos labores de voluntariado.

## Actividades

- Informar ao estudiantado sobre a Axenda 2030 de (en stands situados en lugares estratéxicos dos 3 campus da Universidade de Vigo a través de materiais específicos) e/ou en formato dixital (a través de campañas de sensibilización dirixidas á comunidade educativa vía redes sociais).
- Colaborar na organización e posta en marcha de campañas e actividades vinculadas co proxecto en modalidade online ou presencial.

## Recoñecemento

Por cada 30 horas de colaboración recoñécese 1 ECTS.

## Organización

Vicerreitoría de Benestar, Equidade e Diversidade 986130261 direc. equidade@uvigo.es. Curso financiado pola Cooperación Galega a través do convenio da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD).

